

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 3 de outubro. de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1056).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de setembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1057).- DAR CONTA DAS ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE OS MESES DE XUÑO, XULLO E AGOSTO 2014. EXPTE. 89458/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte:

Por medio do presente escrito, a Xefa de servizo de Política de Benestar da conta á Xunta de Goberno Local da relación de persoas dadas de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2014, que son as seguintes:

### **XUÑO**

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DATA</b>
06/1298	AMPARO CANEIRO GONZALEZ	02/06/14
01/2433	LEOPOLDO GATO VILA	02/06/14
16/2604	MANUEL CAMIÑA RUA	03/06/14
06/3058	JAIME FREIRE ABREU	05/06/14
04/1329	RODRIGO PEREIRA FUENTES	06/06/14
11/1249	MARIA ELMA FERNANDEZ ALVAREZ	10/06/14
14/3123	MARIA ROMAN DOMONTE	12/06/14
04/2971	AMERICA COLLAZO GARCIA	13/06/14
06/3018	ANTONIO LAGO GARCIA	16/06/14
12/1647	RUCHT VIL PARIONA NAYA	17/06/14
15/1604	BASILISA CENTENO GONZALEZ	20/06/14

### **XULLO**

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DATA</b>
15/3459	SARA PIÑA GONZALEZ	04/07/14
15/3414	ANTONIO RAFAEL CAMPOS PRADO	09/07/14
01/2470	MARGARITA RODRIGUEZ VILA	22/07/14
01/2473	DELMIRO ARJONES AREAL	22/07/14

### **AGOSTO**

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DATA</b>
01/2714	M. CARMEN BRITO JORGE	12/08/14
14/875	MANUEL TOME BEN	20/08/14
03/2077	EUGENIO PEREZ MIGUEZ	20/08/14
06/545	JOSEFA ELVIRA NOVOA MARTINEZ	25/08/14
22/2202	CARMEN FERNANDEZ PEREZ	28/08/14

**A Xunta de Goberno Local queda informada.**

**3(1058).- FIXACIÓN PREZOS VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS NO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2014. EXPTE. 14757/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 23/09, da xefa da oficina administrativa de Promoción Cultural, conformado polo xefe do servizo, polo xefe de Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado en data 26/09, que di o seguinte:

*“O concelleiro-delegado da área de Cultura, Festas e Museos, resolveu con data 23 de setembro de 2014 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2014, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.*

*Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.*

*A programación que se presenta no segundo semestre do ano 2014 consta dun total de dezasete espectáculos, dezaoto funcións xa que un dos espectáculos fai función dobre, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).*

*O custo total da programación, incluíndo cachés das compañías, produción, material gráfico publicitario do programa, dereitos de autor e servizo de venda de entradas, é de **76.473,23 €** que se divide en:*

*Cachés: 55.984,85 €*

*Material gráfico: 2.916,04 €*

*Produción: 10.802,94 €*

*Dereitos de autor: 2.114,00 €*

*Servizo de venda de entradas: 2.155,40 €*

*Porcentaxes de venda de entradas INAEM: 2.500,00 €*

*Moitos destes gastos son comúns e non se poden dividir entre funcións, polo que compriría establecer un prezo común para todas as funcións de xeito que ao tratarse de un bloque de programación homoxéneo que forma parte dun programa específico e común denominado Vigocultura, todas as funcións de adultos teñan un mesmo prezo e outro diferente para o público familiar.*

*Así pois o coste por espectador calculado en base á ocupación total das localidades (285 butacas) é o seguinte:*

*76.473,23 € (coste total da programación) / 18 (funcións) = 4.248,51 € (coste por función)*

*4.248,51 (coste por función) / 285 (ocupación total do auditorio) = **14,91 €** (coste por espectador).*

*Así pois faise a seguinte proposta:*

1. Establecer un prezo de entradas de 8 € para os espectáculos dirixidos a público adulto (venres).
2. Establecer un prezo de entradas de 5 € a maiores de 12 anos e 3 € até esta idade para os espectáculos dirixidos a público familiar (domingos).

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web [www.servinova.com](http://www.servinova.com), despacho de billetes da central de espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2014, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

Espectáculos programados para público adulto (venres): 8 €

Espectáculos programados para público familiar (domingos): 5 € adultos e 3 € os menores de 12 anos.

Asemade se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web [www.servinova.com](http://www.servinova.com), no despacho de billetes da Central de Espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.”

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**4(1059).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “VIGILANCIA INTEGRADA, S.A.”, POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 5223/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización do 30/09 e xurídico do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do director do Museo de data 29/09/14, conformado polo xefe do servizo, polo xefe de Xestión e Promoción cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 25 de setembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que polo Director do Museo municipal “Quiñones de León” se inicie o expediente para indemnización substitutiva a favor da empresa Vigilancia Integrada, S.A pola realización de servizos de vixilancia no Museo Municipal “Quiñones de León”, realizados fóra de relación contractual, no período xaneiro-agosto de 2014, factura presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 25 de setembro de 2014. Os servizos facturados contan coa conformidade da dirección do Museo municipal “Quiñones de León”.*

*Ata o 6 de marzo de 2011 estivo vixente a segunda e última prórroga do contrato de prestación dos servizos de vixilancia do museo municipal, que fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 12 de febreiro de 2007 a “Vigilancia Integrada, S.A., CIF A-78917465, polo procedemento de concurso aberto, de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local o 30 de outubro de 2006.*

*Con data 14 de abril de 2011 o concelleiro-delegado de Patrimonio Histórico resolveu o inicio do novo expediente de contratación e elaborouse o prego de prescricións técnicas para a contratación do novo servizo de vixilancia do museo.*

*Por parte do Concelleiro-delegado de Patrimonio Histórico considerouse necesaria a continuidade da prestación do servizo de vixilancia do museo municipal para garantir a seguridade plena da dependencia ata sinatura do novo contrato resultante do novo expediente de contratación. Como a que fora empresa adxudicataria do contrato viña prestando o servizo con total corrección, o concelleiro-delegado considerou que a mesma empresa podería seguir prestando o servizo neste período transitorio. Os prezos unitarios dos servizos facturados correspóndense ademais con prezos actuais do mercado.*

*Con data 10 de agosto de 2011, a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar resolvera: 1.Desistir de continuar co proceso de licitación dos contratos de atención ao público e/ou vixilancia de dependencias que se atopen en tramitación nestes intres nos servizos dependentes da Área de Cultura e Festas: Servizo de Cultura e Bibliotecas, Verbum, Museo de Castrelos. 2.- Remitir os citados expedientes ao xefe do servizo de xestión e promoción cultural (330) para o seu estudo e valoración, co obxectivo de iniciar un novo procedemento de contratación de servizos de atención ao público e/ou vixilancia de dependencias das unidades dependentes da Área de Cultura e Festas, de acordo cos criterios de mellora do aproveitamento e optimización dos recursos, unificación de criterios de prestación dos servizos que conforman a rede museística do Concello e Vigo e de optimización do gasto público. 3.- Comunicar esta resolución aos responsables dos servizos implicados para que dean traslado dos expedientes completos antes do 1 de setembro.*

*Con data 10 de xullo de 2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu autorizar diversas redenominações de postos, readscripcións e traslados de persoal dentro do Área de Cultura e Festas, en virtude das que se conforma unha nova organización do Servizo de Museos Municipais e por parte do xefe do servizo de museos remitiuse informe á concelleira-delegada relativo á necesidade de normalizar a situación contractual dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade nas dependencias da rede museística e expositiva do Concello de Vigo.*

Con data 5 de setembro de 2012 a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas resolveu "que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente para a contratación dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade das dependencias integradas na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas (Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras e outras que se consideren".

Con data 13 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente 457/331 para a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade na rede de museos de Vigo para o período 2014-2016; así como aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares, prego de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto do contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista. Con data 9 de decembro a mesa de contratación do Concello abriu as ofertas económicas presentadas polas empresas licitadoras.

O Servizo de Museos Municipais elaborou en 2013 o prego de cláusulas técnicas para a "contratación de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva 2014-2016", xunto coa memoria xustificativa e outra documentación coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos; quen con data 28 de febreiro de 2013 resolvera dar continuidade ao procedemento para a contratación dos citados servizos.

O proceso de preparación de bases e determinación do prezo do contrato, realizárase coa mínima disponibilidade de recursos humanos, que desenvolven as prestacións de servizos e actividades culturais, a xestión do funcionamento dos equipamentos e sin que se dispoña dunha relación proporcionada entre os funcións e recursos do Servizo de Museos Municipais (existencia de postos vacantes e mesmo redución dun posto técnico no cadro de persoal).

Con data 13 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente 457/331 para a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade na rede de museos de Vigo para o período 2014-2016; así como aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares, prego de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto do contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

A principio desta anualidade de 2014 o concelleiro-delegado da Área, naquel momento, considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de vixilancia da dependencia Museo Municipal Quiñones de León, coas mesmas características que se viñan prestando ata o de agora, coa empresa de vixilancia de seguridade, Vigilancia Integrada, S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que lle solicitou presuposto para a continuación da prestación do servizo de vixilancia en dependencias da rede museística. Durante esta anualidade os titulares da concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos tamén ratificaron de feito a continuidade das prestacións dos servizos de vixilancia de seguridade; para evitar o peche de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais custodian as coleccións artísticas do patrimonio municipal.

Os prezos unitarios dos servizos facturados de vixilancia de seguridade correspóndense cos prezos presupostados e cos actuais do mercado.

A Xunta de Goberno Local, con data 23 de xuño de 2014, adxudicou a Unión Temporal de Empresas formada por Sistemas de Seguridade A-1 S.L. e Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L., CIF U70420203, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades

da Rede Museística e Expositiva (expediente 457/331); por un prezo total de 1.663.328,72 € (IVE incluído).

Con data 18 de agosto de 2014 subcribíuse o contrato entre o Concello de Vigo e a UTE adxudicataria, por un prazo do contrato de tres anos, contados dende o 1 de setembro de 2014, data na que se iniciaron as prestacións de servizos de acordo co contrato.

O gasto derivado das prestacións destes servizos pode aplicarse á partida partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias" do actual exercicio económico; sen que o gasto impida ou limite as restantes necesidades mínimas do servizo de Museos neste exercicio orzamentario.

Por todo iso, á vista das circunstancias concorrentes, co conforme do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faixe a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1.- Aprobado a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 6500386659, de 109.338,60 € (cento nove mil trescentos trinta e oito euros, con sesenta céntimos), a favor de Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

2.- Recoñecer a obriga a favor de Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, por un importe total de 109.338,60 € (cento nove mil trescentos trinta e oito euros, con sesenta céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xaneiro-agosto de 2014 no Museo Municipal "Quiñones de León", con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

3º.- Pagar á empresa Vigilancia Integrada S.A., CIF A78917465, 109.338,60 € (cento nove mil trescentos trinta e oito euros, con sesenta céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**5(1060).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.", POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA NA PINACOTECA MUNICIPAL "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO". EXPTE. 5224/337.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/09, e o informe xurídico do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do director do Museo, do 29/09/14, conformado polo xefe do servizo, polo xefe de Xestión e Promoción cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"Con data 25 de setembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que, polo director do museo municipal "Quiñones de León", se inicie o expediente para indemnización substitutiva a favor da empresa Securitas Seguridad España S.A. pola realización de servizos de vixilancia na Pinacoteca Municipal "Francisco Fernández del Riego", realizados fóra de relación contractual, no período xaneiro-agosto 2014, factura presentada no Rexistro Xeral do

Concello con data 25 de setembro de 2014. Os servizos facturados contan coa conformidade do Director do Museo Municipal e maila do servizo de Museos Municipais.

A Pinacoteca Municipal inaugurouse en marzo de 2011, e despois dun período de peche por cuestións de mantemento entre agosto e novembro dese ano, reabriuse o 30 de novembro xa de forma ininterrompida; nos meses indicados de 2011, os servizos de vixilancia 24 horas realizáronse nuns casos con expedientes de gasto menor, e noutros sen cobertura económica, tendo que realizarse recoñecementos extraxudiciais de crédito incluídos no orzamento municipal de Patrimonio Histórico para 2012.

Por outra banda, o citado orzamento municipal para 2012 por primeira vez aglutinou nun único programa presupostario (3330) as distintas dependencias museísticas que se xestionaban por distintos servizos e con cargo a programas presupostarios distintos:

- Casa das Artes e Casa Galega da Cultura (Cultura)
- Verbum-Casa das Palabras
- Museo "Quiñones de León"
- Pinacoteca Municipal (incluída en Patrimonio Histórico no 2011)

En setembro de 2010 comezou a tramitación dos pregos de contratación dos servizos de vixilancia para as dependencias culturais, para o Verbum-Casa das Palabras e para o Museo "Quiñones de León" en expedientes diferenciados.

Con data 10 de agosto de 2011, a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar resolvera: 1. Desistir de continuar co proceso de licitación dos contratos de atención ao público e/ou vixilancia de dependencias que se atopen en tramitación nestes intres nos servizos dependentes da Área de Cultura e Festas: Servizo de Cultura e Bibliotecas, Verbum, Museo de Castrelos. 2.- Remitir os citados expedientes ao xefe do servizo de xestión e promoción cultural (330) para o seu estudo e valoración, co obxectivo de iniciar un novo procedemento de contratación de servizos de atención ao público e/ou vixilancia de dependencias das unidades dependentes da Área de Cultura e Festas, de acordo cos criterios de mellora do aproveitamento e optimización dos recursos, unificación de criterios de prestación dos servizos que conforman a rede museística do Concello e Vigo e de optimización do gasto público. 3.- Comunicar esta resolución aos responsables dos servizos implicados para que den traslado dos expedientes completos antes do 1 de setembro.

Con data 30 de agosto de 2011 achegouse o expediente 13148/331 citado á xefatura indicada na resolución da concelleira-delegada.

Con data 10 de xullo de 2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu autorizar diversas redenominações de postos, readscripcións e traslados de persoal dentro do Área de Cultura e Festas, en virtude das que se conforma unha nova organización do Servizo de Museos Municipais e por parte deste servizo emitíuse informe á concelleira-delegada relativo á necesidade de normalizar a situación contractual dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade nas dependencias da rede museística e expositiva do Concello de Vigo.

Con data 5 de setembro de 2012 a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas resolveu "que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente para a contratación dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade das dependencias integradas na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas (Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras e outras que se consideren)".



*Durante 2013 a concellería-delegada da Área, considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de vixilancia na Pinacoteca Municipal “Francisco Fernández del Riego”, coas mesmas características que se viñan prestando ata o de agora, coa empresa de vixilancia de seguridade, Securitas Seguridad España S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que podería seguir prestándoo. Durante esta anualidade os titulares da concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos tamén ratificaron de feito a continuidade das prestacións dos servizos de vixilancia de seguridade.*

*O Servizo de Museos Municipais elaborou en 2013 o prego de cláusulas técnicas para a “contratación de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva 2014-2016”, xunto coa memoria xustificativa e outra documentación coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos; quen con data 28 de febreiro de 2013 resolvera dar continuidade ao procedemento para a contratación dos citados servizos.*

*A principio desta anualidade de 2014 o concelleiro-delegado da Área, naquel momento, considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de vixilancia de dependencias (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura), coas mesmas características que se viñan prestando ata o de agora, coa empresa de vixilancia de seguridade, Securitas Seguridad España S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que lle solicitou presuposto para a continuación da prestación do servizo de vixilancia en dependencias da rede museística. Durante esta anualidade os titulares da concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos tamén ratificaron de feito a continuidade das prestacións dos servizos de vixilancia de seguridade; para evitar o peche de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais custodian as coleccións artísticas do patrimonio municipal.*

*Os prezos unitarios dos servizos facturados de vixilancia de seguridade correspóndense cos prezos presupostados e cos actuais do mercado.*

*A Xunta de Goberno Local, con data 23 de xuño de 2014, adxudicou a Unión Temporal de Empresas formada por Sistemas de Seguridade A-1 S.L. e Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L., CIF U70420203, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva (expediente 457/331); por un prezo total de 1.663.328,72 € (IVE incluído).*

*Con data 18 de agosto de 2014 subcribíuse o contrato entre o Concello de Vigo e a UTE adxudicataria, por un prazo do contrato de tres anos, contados dende o 1 de setembro de 2014, data na que se iniciaron as prestacións de servizos de acordo co contrato.*

*O gasto derivado das prestacións destes servizos pode aplicarse á partida partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias” do actual exercicio económico; sen que o gasto impida ou limite as restantes necesidades mínimas do servizo de Museos neste exercicio orzamentario.*

*Por todo iso, á vista das circunstancias concorrentes, co conforme do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faixe a seguinte*

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 613314090361, de 118.537,58 € (cento dezaoto mil cincocentos trinta e sete euros, con cincuenta e oito céntimos),**

a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, por un importe total de 118.537,58 € (cento dezaioito mil cincocentos trinta e sete euros, con cincuenta e oito céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xaneiro-agosto de 2014 na Pinacoteca municipal “Francisco Fernández Del Riego”, con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, 118.537,58 € (cento dezaioito mil cincocentos trinta e sete euros, con cincuenta e oito céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 “Servizos seguridade dependencias”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**6(1061).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.”, POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA EN DEPENDENCIAS CULTURAI. EXPTE. 905/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización do 30/09 e xurídico do 02/10/14, dáse conta do informe-proposta do director do Museo, do 29/09/14, conformado polo xefe do servizo, polo xefe de Xestión e Promoción cultural e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 25 de setembro de 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que polo xefe do Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente para indemnización substitutiva a favor da empresa Securitas Seguridad España S.A. pola realización de servizos de vixilancia de dependencias da Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, realizados fóra de relación contractual, no período xaneiro-agosto de 2014, presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 25 de setembro de 2014. Os servizos facturados contan coa conformidade de xefe do Servizo de Museos Municipais.*

*Ata o 29 de febreiro de 2011 estivera vixente a segunda e última prórroga do contrato de prestación dos servizos de vixilancia de dependencias e mantemento de instalacións de seguridade en dependencias culturais, que fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 19 de febreiro de 2007, polo procedemento de concurso aberto, de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local o 6 de novembro de 2006.*

*Con data 8 de setembro de 2010 o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural daquela resolvera o inicio do novo expediente de contratación e elaboráronse os pregos de prescricións técnicas para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias e actividades da unidade de Cultura.*

*Como consecuencia da aplicación da lei 2/2011 de 4 de marzo, de Economía Sostible, ao igual que se fixera co proceso de contratación de servizos de atención ao público realizouse unha adaptación dos pregos técnicos e mesmo unha revisión para a súa actualización. Derase trasla-*

*do do expediente ao servizo de contratación para redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e continuidade do proceso.*

*Con data 2 de agosto de 2011 recíbese na unidade de Cultura o expediente 13148/331 "Contratación dos servizos de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade. Unidade de Cultura" remitido polo servizo de Contratación no que se inclúen as cláusulas administrativas particulares de data 29 de xullo de 2011 ás que se incorporaran diversos parágrafos novos en consideración ao informe da Asesoría Xurídica dese mesma data.*

*Con data 10 de agosto de 2011, a concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar resolvera: 1. Desistir de continuar co proceso de licitación dos contratos de atención ao público e/ou vixilancia de dependencias que se atopen en tramitación nestes intres nos servizos dependentes da Área de Cultura e Festas: Servizo de Cultura e Bibliotecas, Verbum, Museo de Castrelos. 2.- Remitir os citados expedientes ao xefe do servizo de xestión e promoción cultural (330) para o seu estudo e valoración, co obxectivo de iniciar un novo procedemento de contratación de servizos de atención ao público e/ou vixilancia de dependencias das unidades dependentes da Área de Cultura e Festas, dacordo cos criterios de mellora do aproveitamento e optimización dos recursos, unificación de criterios de prestación dos servizos que conforman a rede museística do Concello e Vigo e de optimización do gasto público. 3.- Comunicar esta resolución aos responsables dos servizos implicados para que den traslado dos expedientes completos antes do 1 de setembro.*

*Con data 30 de agosto de 2011 achégouse o expediente 13148/331 citado á xefatura indicada na resolución da concelleira-delegada.*

*Con data 10 de xullo de 2012, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu autorizar diversas redenominacións de postos, readscripcións e traslados de persoal dentro do Área de Cultura e Festas, en virtude das que se conforma unha nova organización do Servizo de Museos Municipais e por parte deste servizo emitíuse informe á concelleira-delegada relativo á necesidade de normalizar a situación contractual dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade nas dependencias da rede museística e expositiva do Concello de Vigo.*

*Con data 5 de setembro de 2012 a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas resolveu "que polo xefe do servizo de museos municipais se inicie o expediente para a contratación dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade das dependencias integradas na rede museística e expositiva da Área de Cultura e Festas (Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego, Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Verbum-Casa das Palabras e outras que se consideren".*

*O Servizo de Museos Municipais elaborou en 2013 o prego de cláusulas técnicas para a "contratación de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva 2014-2016", xunto coa memoria xustificativa e outra documentación coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos; quen con data 28 de febreiro de 2013 resolvera dar continuidade ao procedemento para a contratación dos citados servizos.*

*O proceso de preparación de bases e determinación do prezo do contrato, realizárase coa mínima disponibilidad de recursos humanos, que desenvolven as prestacións de servizos e actividades culturais, a xestión do funcionamento dos equipamentos e sin que se dispoña dunha relación proporcionada entre os funcións e recursos do Servizo de Museos Municipais (existencia de postos vacantes e mesmo redución dun posto técnico no cadro de persoal).*

Con data 13 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente 457/331 para a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade na rede de museos de Vigo para o período 2014-2016; así como aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares, prego de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto do contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

A principio desta anualidade de 2014 o concelleiro-delegado da Área, naquel momento, considerou necesaria a continuidade da prestación do servizo de vixilancia de dependencias (Casa das Artes e Casa Galega da Cultura), coas mesmas características que se viñan prestando ata o de agora, coa empresa de vixilancia de seguridade, Securitas Seguridad España S.A., que realizaba o servizo con total corrección, polo que lle solicitou presuposto para a continuación da prestación do servizo de vixilancia en dependencias da rede museística. Durante esta anualidade os titulares da concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos tamén ratificaron de feito a continuidade das prestacións dos servizos de vixilancia de seguridade; para evitar o peche de equipamentos que ademais de prestar servizos culturais custodian as coleccións artísticas do patrimonio municipal.

Os prezos unitarios dos servizos facturados de vixilancia de seguridade correspóndense cos prezos presupostados e cos actuais do mercado.

A Xunta de Goberno Local, con data 23 de xuño de 2014, adxudicou a Unión Temporal de Empresas formada por Sistemas de Seguridade A-1 S.L. e Servicios de Seguridade Integral e Mantementos A-1 S.L., CIF U70420203, o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva (expediente 457/331); por un prezo total de 1.663.328,72 € (IVE incluído).

Con data 18 de agosto de 2014 subcribíuse o contrato entre o Concello de Vigo e a UTE adxudicataria, por un prazo do contrato de tres anos, contados dende o 1 de setembro de 2014, data na que se iniciaron as prestacións de servizos de acordo co contrato.

O gasto derivado das prestacións destes servizos pode aplicarse á partida partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias" do actual exercicio económico (con cargo ao RC 25640 e/ou ao saldo na partida); sen que o gasto impida ou limite as restantes necesidades mínimas do servizo de Museos neste exercicio orzamentario.

Por todo iso, á vista das circunstancias concorrentes, co conforme do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faixe a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 613314090362, de 99.995,55 € (noventa e nove mil novecentos noventa e cinco euros, con cincuenta e cinco céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, que deben ser imputados á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

2.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, por un importe total de 99.995,55 € (noventa e nove mil novecentos noventa e cinco euros, con cincuenta e cinco céntimos) en concepto de servizos de vixilancia de seguridade, realizados no período xaneiro-agosto de 2014 en Casa das Artes e Casa Galega da Cultura, con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., CIF A79252219, de 99.995,55 € (noventa e nove mil novecentos noventa e cinco euros, con cincuenta e cinco céntimos) con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos seguridade dependencias".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**7(1062).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 4418/241**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro-delegado da área de Contratación de data 29/09/14, que di o seguinte:

*"O órgano de contratación do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, a tenor do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), deberá ser asistida por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas (artigo 320.1 TRLCSP).*

*A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 320.2 TRLCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quen es teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-presupuestario (artigo 320.3 TRLCSP).*

*A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (artigo 295.3 LCSP).*

*A actual composición da mesa de contratación foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 15 de xullo de 2011. Na mesma figura como presidente D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez, Concelleira de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, que na actualidade xa non ostenta este cargo. En consecuencia faise preciso modificar a composición da mesma.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:*

*Primeiro: Modificar o titular do cargo de presidente da Mesa de Contratación do Concello de Vigo, substituíndo a D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez por D. David Regades Fernández, sendo os seus suplentes D. Santos Héctor Rodríguez Díaz e D. Carlos López Font.*

*Segundo: Modificar os suplentes do vogal D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, sendo estes D. Carlos López Font, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey e D. Manuel Fernández Pérez"*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**8(1063).- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL: D. JOSÉ VIDAL RIAL. EXPTE. 13379/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 26/09/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*Segundo consta neste expediente o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, impuxo un aval de 4.000,00€, a José Vidal Rial, para responder por posibles estragos no parque de Castrelos con motivo da celebración do evento deportivo denominado 24 HORAS DE VIGO, celebrado el pasado 30 de agosto de 2014.*

*O pasado 18 de setembro de 2014, o Xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe no que di que por parte dese servizo non existe inconvinte a que se proceda a devolución do aval, xa que non houbo danos nos espazos públicos utilizados.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno local a adopción da seguinte:*

**PROPOSTA:**

*Autorizar a devolución do aval de 4.000,00€, imposto polo servizo de Montes, Parques e Xardíns a **José Vidal Rial**, para responder por posibles danos no parque de Castrelos, con motivo do evento deportivo 24 HORAS DE VIGO, celebrado o pasado 30 de agosto de 2014, xa que non houbo danos nos espazos utilizados."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**9(1064).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE "VEGO SUPERMERCADOS, S.A.", PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL. EXPTE. 10389/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30/09/14, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área e informado xuridicamente na mesma data, que di o seguinte:

*"Antecedentes*

*1. A concelleira de Medio Ambiente e Xuventude en data do 15 de xullo de 2014, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal "Camiño a Camiño" e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.*

*2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redactada memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración e redacta unha proposta de convenio.*

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito aceptando a proposta de convenio, achega copia das escrituras públicas de apoderamento e certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

#### *Fundamentos de dereito*

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, e nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., ten abribuído competencias no “medio ambiente urbano” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente, en virtude da resolución da alcaldía do 29 de xullo de 2014, exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Neste sentido o obxecto do convenio e a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Vego Supermercados, S.A.U., en actividades cuxo obxectivo é a protección do medio ambiente, especialmente, urbano e ocupación do tempo de lecer nestas actividades medioambientais.

En concreto, a referida entidade colabora co Concello de Vigo:

Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das seis rutas por Vigo que se realizaran os días 12, 19, 26 de outubro, 9, 16 e 23 de novembro de 2014; e das dúas rutas fora de Vigo que se realizaran os días 11-12 de outubro, 18-19 de outubro de 2014, das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de data 5 de setembro de 2014, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado.

Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigaríase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 88.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de

2 de abril, 4.2. e 25 do TRLCSP, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.

O convenio proposto non implica gasto ningún para o Concello de Vigo.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigo 4.2. e Disposición adicional segunda do TRLCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte  
ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, e ocupación do tempo de lecer en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 10389/306 e co texto que de seguido se indica.

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “VEGO  
SUPERMERCADOS, S.A.U.”  
(GRUPO VEGALSA-EROSKI)**

En Vigo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil catorce.

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía do 29 de xullo de 2014, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver



*programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.*

*Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.*

*Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.*

*A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión do día 5 de setembro de 2014, aprobou un proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de setembro a novembro de 2014.*

*2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.*

*3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística*

*4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”. Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.*

*O proxecto “Tenda Sustentable” recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos loxísticos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.*

*5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.*

*Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e*

## ESTIPULAN

*PRIMEIRO.- Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:*

*- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das seis rutas por Vigo que se realizaran os días 12, 19, 26 de outubro, 9, 16 e 23 de novembro de 2014; e das dúas rutas fora de Vigo que se realizaran os días 11-12 de outubro, 18-19 de outubro de 2014, das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado por acordo da Xunta de Goberno local de data 5 de setembro de 2014, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc.). Noutro caso, ditas actividades substituiranse por outras das contempladas no proxecto que si reúnan ditas características.*

*- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.*

*- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.*

*- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.*

*SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.*

*Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.*

*O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.*

*O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.*

*TERCEIRO.- Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil*

conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.

CUARTO.- O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- A mercantil Vego Supermercados, S.A.U está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

SÉTIMO.- O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, rexerase pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento."

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**10(1065).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVICIO. MESES XULLO-SETEMBRO 2014. EXPTE. 10535/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do seguinte informe do xefe do servizo de Medio Ambiente de data 30/09/14, que figura conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

*“Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.ª das normas xerais de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor, no servizo de Medio Ambiente, autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude de xullo a setembro de 2014*

<b>EXPTE.</b>	<b>PARTIDA</b>	<b>TIPO</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>IMPORTE</b>
10344/3 06	1720.212.00 .00	CMOBR	Mant. e reparación cuberta zona gatos refuxio Madroa	Garciventa, SL	4.193,54 €
10345/3 06	1720.210.00 .00	CMOBR	Obras reparación 2 duchas en Samil e 1 en ETEA	ORESA, SL	11.100,00 €
10361/3 06	1720.227.99 .00	CMSER	Plan conservacion ENIL Vao Baluarte	Novocontorno, SL	11.699,13 €
10362/3 06	1720.227.99 .01	CMSER	Mantemento Mapa de Ruidos: recálculo tráfico con CNOSSOS e migración SIG a GVSIG libre	Centro Acústica e Servizos de Telecomunicacións	15.488,00 €
10363/3 06	1720.227.99 .01	CMSER	Coordinación e supervisión mantemento Mapa de Ruidos	Universidade de Vigo	3.630,00 €
10391/3 06	1720.227.99 .00	CMSER	Estudo sobre a elaboración de tres sendeiros locais en Vigo	Xosé Antón Fernández Rojo	10.890,00 €

<b>EXPTE.</b>	<b>PARTIDA</b>	<b>TIPO</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>IMPORTE</b>
10392/3 06	1720.227.9 9.00	CMSER	Coordinación seguridade e saúde reparación duchas Samil e ETEA	Proyegal Ingenieria, SL	847,00 €

<b>EXPTE.</b>	<b>PARTIDA</b>	<b>TIPO</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>IMPORTE</b>
10471/3 06	1720.227.9 9.08	CMSER	Actividade de sensibilización medioambiental a Senda do Miño	Guillermo Moure Álvarez	3.085,74 €
10500/3 06	1720.227.9 9.08	CMSER	Actividades espazos de interese medioambiental. Setembro-outono 2014	Xermolo Dinamización Sociocultural, SL	9.922,00 €
10501/3 06	1720.227.9 9.08	CMSER	Transporte terrestre espazos de interese medioambiental. Setembro-outono 2014.	Autna, SL	2.970,00 €

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**11(1066).- INFORME SOBRE PEDIMENTO DA CMVMC DE CABRAL DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS PARA SENDA PEONIL NO RÍO LAGARES, TRAMO RAMÓN NIETO ATA PARQUE BALADAS (AEROPORTO). EXPTE. 10422/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30/09/14, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

*“1.- En 01/08/2014 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito de Augas de Galicia no que solicitaba informe sobre a solicitude da CMVMC de Cabral de autorización de obras para senda no río Lagares dende Avda. Ramón Nieto ata o parque de Baladas, na parroquia de Sta. Mariña de Cabral, no Concello de Vigo. A dita petición achegaba fotocopias da solicitude da CMVMC, da meroia de descripción do trazado e duns planos.*

*2.- O servizo de Medio Ambiente solicitou informes ós distintos Departamentos municipais.*

*3.- Os servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo emitiron informe en data 25/08/2014, o Departamento técnico de Seguridade e Mobilidade e o Servizo de Medio Ambiente en data do 05 de setembro de 2014, o servizo de Vías e Obras mostrouse conforme cos informes emitidos.*

*4.- En vista dos informes técnicos emitidos e a preclusividade dos prazos para informar, a concelleira da área de Medio Ambiente e Xuventude trasladou a Augas de Galicia o contido dos ditos informes en fecha 08 de setembro de 2014 co seguinte contido:*

*“A entidade Augas de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en cumprimento do establecido no artigo 58.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), solicita informe desta administración municipal da petición de autorización de obras para unha senda peonil no río Lagares, dende a Avda.*

*Ramón Nieto ata o parque de Baladas (Cabral), no Concello de Vigo, formulada por don Luís Rodríguez Pérez en calidade de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Santa Mariña de Cabral (CMVMC Cabral). CLAVE DH.W36.45703.*

*A actuación afecta ó dominio público hidráulico de competencia autonómica e está suxeito a autorización conforme ao Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e concordantes do regulamento de desenvolvemento, e cuxa competencia está atribuída no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia á entidade Augas de Galicia; e o artigo 58.2. esixe informe do municipio no que se encontre o dominio público, neste caso, o Concello de Vigo.*

*En contestación á dita petición, de conformidade cos informes emitidos polos técnicos municipais dos servizos de Urbanismo en data 15/08/2014, Seguridade e Mobilidade e Medio Ambiente en data 05/09/2014, INFÓRMOLLE o seguinte:*

**A) EN MATERIA DE URBANISMO:**

*A construción da senda peonil xunto á canle do río Lagares, discorre integramente por Solo Rústico na súa maior parte do tipo de protección de Augas e Canles (RPAC), e, en menor medida, de protección de Infraestruturas (RPI).*

*Ao mesmo tempo, e tamén na maior parte do percorrido, a senda encádrase dentro do Sistema Xeral de Zonas Verdes, e solo ó comezo do río, se integra no Sistema Xeral Aeroportuario.*

*A senda peonil e as distintas pontes que se precisan para a súa continuidade, están dentro dos usos permitidos polos tipos de solo que atravesa, non presentando problemas desde o punto de vista urbanístico.*

*Noutra orde de cousas, como toda intervención dentro del Termino Municipal, as obras precisarán da correspondente autorización do Concello de Vigo no que ás obras se refire, e dos propietarios dos solos que se ocupen no que a súa execución concirne.*

*Da autorización municipal, deberá darse conta á Área de Fomento.*

**B) EN MATERIA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE:**

*A senda peonil atravesa varias rúas da Cidade polo que cómpre a sinalización de pasos de peóns para garantir a Seguridade Vial dos usuarios.*

*Xa que logo, deben habilitar pasos de peóns nas seguintes rúas:*

- Santa Mariña, á altura do número 401 por coincidir cunha curva de pouca visibilidade.*
- Avda Tranvía, á altura do número 193. Este paso debe ir con semáforos.*
- Molais, coincidente coa senda.*
- Fontaiña, coincidente coa senda.*

**C) EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE:**

*A concellería de Medio Ambiente e Xuventude encargou, mediante concurso público resolto en data 27.12.2007, a redacción do "Proxecto de mellora ambiental do río Lagares (Tramo Avda. de*

*Madrid - Estrada do Aeroporto): recuperación de marxes, eliminación de verquidos e adecuación para o uso público" (expediente. 5336/306). O adxudicatario entregouno en novembro de 2008. Neste incluíase integramente o tramo afectado polas actuacións que nos ocupan, pero cuestións orzamentarias fixeron que o proxecto non se materializara no seu día. Este documento serve de apoio a este informe, toda vez que o trazado recollido neste e o proposto polo promotor coinciden substancialmente.*

*Respecto ao percorrido da senda peonil proposto polo promotor da actuación, encaixa na súa maior parte coa proposta no proxecto encargado por esta concellería, considerándose axeitada. Indicar coma mellora á actuación proposta que o primeiro tramo da senda, entre a avenida do Aeroporto ata o camiño das Patas discorre, en parte, por un tipo de hábitat recollido na Lei 42/2007, de 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, co código 91E0 "Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (amieiro e freixo común)", cunha biodiversidade elevada. Tendo en conta este feito, conviría estudar a posibilidade de pospoñer o cambio á marxe dereita do río ata chegar á vivenda próxima á ponte sobre o camiño das Patas, non ao pasa-lo muíño coma recolle o proxecto. Deste xeito evitaríase unha perda de superficie deste tipo importante. Ademais, compre ter en conta que este primeiro treito é un humidal durante grande parte do ano, polo que o paso pola beira do río (5 primeiros metros de servidume) será moi difícil sen realizar actuacións complementarias non descritas no proxecto.*

*Respecto ás especies vexetais propostas para repoboar os treitos identificados no proxecto, non se considera a elección das especies *Quercus rubra* e *Salix babylonica* (carballo americano e salgueiro chorón) coma a mais acertada; se ben é certo que estas (sobre todo o salgueiro chorón) atópanse naturalizadas en amplas zonas da comunidade, trátase de especies alóctonas. Conviría, polo tanto, estudar a posibilidade de seleccionar outros representantes do xénero autóctonos (*Quercus robur*, *Salix alba*, *Salix atrocinerea*, etc.), mellor adaptados ás condicións do treito. En concreto, as especies de *Salix* propostas cumprirían mellor o cometido de rete-los noiros do álveo.*

*Tendo en conta que o proxecto discorre, fundamentalmente, por terreos de servidume de uso público do río (5 metros), conviría elixir especies adaptadas a solos asolagados (salgueiro bravo e/ou amieiro) ou ben aquelas que colonizan zonas de transición (freixos, bidueiro, abelaira, pradairo, umeiro, etc.).*

*Convén recomendar evitar a utilización de maquinaria pesada nas obras de acondicionamento da senda para evitar a compactación do terreo nas zonas por onde circule; en caso de terse que utilizar, elixirase a de menores dimensións que poida cumprir o traballo.*

*Os desbroces que se realicen deben respectar na medida do posible aquelas especies autóctonas arbustivas e herbáceas que poidan existir (xilbarbeiras, acivros, sabugueiro, xuncos, etc), eliminando só as estritamente necesarias para permitir o paso dos peóns; en caso de ser viable, pódese estudar o seu transplante a zonas próximas á senda.*

*O promotor deberá evitar en todo momento o aporte de sólidos en suspensión ao río, instalando de ser necesario barreiras de contención naquelas zonas onde se prevea maior risco de ocorrencia.*

*As pontes non deberían obstaculizar o paso da auga do río na época de máxima crecida para evitar asolagamentos.*

*En derradeiro lugar, compre sinalar que as actuacións recollidas no proxecto realizaranse sempre que sexa necesario coa autorización dos titulares dos terreos afectados e cumprindo as disposicións legais aplicables. Enténdese, tamén, que o promotor será o encargado de manter en correcto estado de uso a senda peonil e responderá dos prexuízos que poidan derivarse disto, sen que en ningún momento dita senda teña o carácter de infraestrutura de titularidade municipal.”*

5.- *A dita comunicación foi remitida ao fax de Augas de Galicia en Vigo o 08/09/2014 (10:23 horas) e recibida na dita entidade por correo certificado en data do 12 de setembro de 2014.*

6.- *Considérase que debe tomar coñecemento do informado a Xunta de Goberno Local, en especial, tendo en consideración que as ditas obras precisarán, ademáis da autorización de Augas de Galicia, da autorización municipal como sinala o informe dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Tomar coñecemento do informado polos servizos técnicos municipais, cuxo contido se transcribe na parte expositiva desta proposta resolución, á entidade Augas de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en cumprimento do establecido no artigo 58.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación coa solicitude de informe desta administración municipal da petición de autorización de obras para unha senda peonil no río Lagares, dende a Avda. Ramón Nieto ata o parque de Baladas (Cabral), no Concello de Vigo, formulada por don Luís Rodríguez Pérez en calidade de Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de Santa Mariña de Cabral (CMVMC Cabral), CLAVE DH.W36.45703, e que lle foi comunicado pola concelleira delegada de Medio Ambiente con data do 08/09/2014.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

## **12(1067).- MODIFICACIÓN CONTRATO DO SERVIZO DE COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 19712/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/09, do secretario da Comisión de Seguimento da revisión e actualización do IMBD, que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de maio de 2012, adoptou o acordo de adxudicar á mercantil SCI S.C. INTEGRAL, S.L., por procedemento negociado con publicidade e ordinario, a contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos. Expte. 18994/240.*

*Durante a tramitación do expediente entrou en vigor o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), se ben de acordo co que establece a súa disposición transitoria 1ª.1 os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior*



*O Interventor Xeral remite á Comisión de Seguimento da formación do Inventario de Bens e Dereitos un escrito, con data 19 de setembro de 2014, en relación coa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2015 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, mediante a Orde HAP/1781/2013, no que conclúe que tendo en conta as novidades introducidas nesta nova Instrución de contabilidade que, dunha maneira directa, afecta á confección do inventario que se está levando a cabo nestes momentos (conceptos, amortizacións, definición de investimento, elementos patrimoniais históricos, amortización do terreo e solo...) é polo que se considera necesario e imprescindible que, ante a proximidade da súa entrada en vigor, se axuste ao contido da nova Instrución a información que se desprende da súa confección, así como que a información contable que se de e que se desprenda da confección do inventario se axuste á nova clasificación de inmovilizado contemplada na nova Instrución.*

*Con data 22 de setembro de 2014, a Dirección dos Traballos Técnicos do Inventario, emite un informe técnico no que conclúe que se proceda, polas circunstancias que se detallan no mesmo, a unha modificación do contrato, nos termos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público, e, en consecuencia, a unha ampliación do prazo do contrato de nove meses, así como á adaptación económica deste ás novas circunstancias que se desexen incorporar en dita modificación, sen que fose considerado unha modificación das condicións esenciais da licitación e adxudicación, sempre respectando o marco establecido na LCSP.*

*As circunstancias sinaladas en ambos documentos aconsellan propor á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:*

*“Autorizar o inicio de expediente de modificación da contratación do servizo de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos adxudicada por acordo da Xunta de Goberno do 11 de maio de 2012 á mercantil SCI S.C. INTEGRAL, S.L ( Expte. 18994/240).”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**13(1068).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 75/2014 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO NOS AUTOS 311/2010, SEGUIDOS A INSTANCIA DE MONTSERRAT SOTO SÍO. EXPTE. 25690/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 26/09/14 da xefa de negociado de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área; vista a fiscalización de data 29/09/14, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES**

1.- *En data 30 de xuño de 2010, o Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, dictou sentenza (nº 4743/2010) no procedemento 311/2010, interposto por Dª Montserrat Soto Sio en materia de recoñecemento de dereito e cantidades, na que se fallaba literalmente:*

*“Que estimando la demanda que en materia de Reconocimiento de Derechos y Cantidades ha sido interpuesta por DÑA. MARIA MONTSERRAT SOTO SIO contra el CONCELLO DE VIGO, debo declarar y declaro la condición de la actora de trabajadora indefinida de la administración demandada, condenando a la demandada a estar y pasar por esta declaración; e igualmente condenando a la demandada a abonar a la actora la cantidad de 9.515,6 euros en concepto de diferencias salariais devengadas desde marzo de 2009 hasta enero de 2010”.*

*2.- Dita sentenza foi recurrida pola interesada en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla con data 30/04/2013 (recurso de suplicación 4075/2010):*

*“Desestimamos el recurso de suplicación interpuesto por la representación procesal de la demandante, contra la sentencia de 30 de junio de 2010, dictada por el Juzgado de lo Social num. 5 de Vigo, en autos 311/2010, confirmamos la sentencia recurrida.*

*De acuerdo con el artículo 233.1 LPL, la empresa codemandada-recurrente ha de abonar los honorarios de letrado de la actora-impugnante del recurso, por importe de trescientos euros (300 €).”*

*3.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2010, procedeuse a execución provisional 293/2010, nestes autos por importe do 50% do fallado en sentenza, efectuando este Concello ingreso por un importe de 4.575,80 €.*

*4.- Polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo díctase auto e decreto polo que se insta a execución 75/2014 de dita sentenza, no procedemento nº 311/2010, requeriéndose o Concello para que consigne a cantidade de 4.939,80 € en concepto de principal máis 300,00 € en concepto de honorarios de letrado e 790 € presupostados provisionalmente para costas, gastos e intereses.*

*5.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir pola interesada, correspondentes a diferenza salariais do periodo 01/03/09 a 31/01/2010.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.**

*I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.*

*En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.*

*II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Espa-*

ñola, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 24 de enero de 2013, recaída no recurso de suplicación nº 4075/2010.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 28/07/2014, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 6.029,80 € (4.939.80 € de principal, 790 € de intereses e 300 € de honorarios letrado impugnante) con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” e da parte correspondente a seguridade social por importe de 3.638,80 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		S.S. Empresa	S.S. Traball.	IRPF 15%
2009	8.417,62	2.677,90	538,18	
2010	1.097,95	352,44	70,27	
2009-2010	9.515,60			1.427,34

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 4075/2010 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 5, no procedemento 311/2010, e proceder ao cumprimento da execución 75/2014, nos autos seguidos a instancia de D<sup>a</sup> Monteserrat Soto Sio (DNI 36109859-C) de recoñecemento de diferencias salariais do período comprendido entre 01/03/2009 a 31/01/2010, por importe de das cantidades pendentes de percibir 6.029,80 € (4.939.80 € de principal, 790 € de intereses e 300 € de honorarios letrado impugnante) € de principal, 4.966,69 € de intereses e 300 € de honorarios letrado impugnante.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (608,45 €) e IRPF (1.427,34 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº ES55 0049 3569 9200 0500 1274, debendo indicar en concepto: expte.: : 3630-0000-64-007514 a cantidade de 3.994,01€ (2.904,01 € - 790,00 € -300 €)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 01/03/09 a 31/01/2010.

CUARTO.- *Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.*"

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**14(1069).- GASTOS LOCOMOCIÓN ABRIL-AGOSTO 2014. EXPTE. NÚM.: 25656/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/09/14, da xefa do servizo de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado con data 25/09/14, que di o seguinte:

**"ANTECEDENTES**

*No Servizo de Recursos Humanos teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos aos desprazamentos por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.*

*Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais seguidamente relacionados:*

- 1. Vías e Obras,*
- 2. O.S.P.I.O.,*
- 3. Participación Cidadá e Emprego,*
- 4. Conserxería,*
- 5. Mobilidade, Transporte e Seguridade,*
- 6. Inspección de Tributos,*
- 7. Cemiterios,*
- 8. Educación.*

*O expediente remitido a Intervención Xeral para informe de fiscalización consta dos expedientes recibidos neste servizo correspondentes á solicitude de aboamento de indemnizacións por razón de servizo dos distintos servizos municipais.*

*Nos devanditos expedientes inclúense orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto, a identificación do empregado municipal, percorrido e quilómetros correspondentes a cada un deles e a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.*

*A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.*

*O importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un total de 5.535,33 €.*

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. José Felipe Codesido Rodríguez-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
71989-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Agosto 2014	298,68 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Agosto 2014	169,48 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Agosto 2014	140,98 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Agosto 2014	157,89 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Agosto 2014	299,63 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Agosto 2014	137,94 €
71839/250		Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	Abril-Xuño 2014	360,60 €
	O.S.P.I.O.	Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Agosto 2014	282,91 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Agosto 2014	272,84 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Agosto 2014	296,40 €
11141-77	D. Local e Em-prego	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Agosto 2014	111,10 €
6741/320	Participación Ci-dadá	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Agosto 2014	15,54 €
329-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Agosto 2014	301,36 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Agosto 2014	313,65 €
90296-210	Mobilidade, Transporte e Se-guridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Agosto 2014	78,66 €
90297-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Agosto 2014	181,26 €
90298-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Agosto 2014	58,14 €
29983/2998 4-502; 30062/3006 4-502; 30066/3006 8-502	Inspección de Tri-butos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Xullo-Agosto 2014	257,26 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xullo-Agosto 2014	333,26 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xullo-Agosto 2014	424,27 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Xullo-Agosto 2014	256,12 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xullo-Agosto 2014	399,76 €
10316-255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Agosto 2014	86,26 €
*Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:*

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Comercio, Montes, Parques e Xardíns e, Limpeza, contidas no escritos 4 de novembro de 2013, 24 de marzo e 3 de xuño de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. CAYETANA ALEJANDRA MARTÍNEZ PARDO, DNI 53.183.075-Z, D<sup>a</sup>. BERTA REIRIZ SÁNCHEZ, DNI 36.091.580-A e, D<sup>a</sup>. MIRIAM FRÍAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Comercio (cód. 015), Montes, Parques e Xardíns (Cód. 446) e Limpeza (Cód. 252), respectivamente.

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

## **20(1075).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR UN MÁXIMO DE 3 MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 25675/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización de data 26/09/14, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área, así mesmo fiscalizado en data 29/09/14, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 06/06/2014 adoptou acordo polo que se declaraba a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo dun mes en xornada partida, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 14 de maio de 2014 e, consecuencia do anterior, o nomeamento como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo dun mes, á D. RUBÉN

*CARRERA PÉREZ, DNI 36.174.579-H, D<sup>a</sup>. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F e, a D<sup>a</sup>. LUCIA OLMOS PITA, DNI 33.545.516-Q seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de Auxiliar/Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2008 e 2010, de conformidade coas bases xerais das mesmas”.*

*Os referidos funcionarios interinos foron nomeados con data 17/06/14, rematando o nomeamento o pasado 16 de xullo.*

*O Xefe de Área de Política de Benestar, conformado pola concelleira-delegada, a través de escrito de data 14 de xullo pasado, solicita a ampliación do anterior periodo dun mes en dous meses mais, debido ao gran número de solicitudes presentadas pendentes de valoración e, que implica a urxencia na súa resolución, debido a que a maioría dos solicitantes non contan con ningún tipo de ingreso coa evidente presión social que conleva.*

*En base ao anterior, por este concelleiro-delegado autorizouse un novo nomeamento interino por acumulación de tarefas por dous meses, aos efectos de dar continuidade ao expediente anterior, que foi materializado coa aprobación pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 01 de agosto de 2014.*

*O funcionario nomeado tomou posesión en data 04/08/2014, rematando o referido nomeamento o vindeiro 03/10/2014.*

*O Xefe de Área de Política de Benestar, conformado pola concelleira-delegada, a través de escrito de data 11 de setembro pasado, solicita a ampliación dos anteriores periodo en tres meses mais (ata completar un máximo de seis meses) tal e como establece o artigo 10,1,d) do EBEP, debido ao gran número de solicitudes presentadas pendentes de valoración e, que implica a urxencia na súa resolución, debido a que a maioría dos solicitantes non contan con ningún tipo de ingreso coa evidente presión social que conleva.*

*En base ao referido escrito de petición e aos efectos de tramitar o expediente “axuda alugueiro vivenda, alimentos, c. enerxética” que ten como obxecto a distribución proporcional das axudas en función dos ingresos, gastos de aloxamento e número de membros da unidade de convivencia e, ante a escaseza de RR.HH existentes no Servizo para dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo, ao gran número de solicitudes presentadas e, a urxencia na resolución das mesmas, por esta concellería, en data 22 de setembro actual, prestouse conformidade a referida proposta, autorizando a prórroga da relación funcional co empregado D. Ruben Carrera Pérez, DNI 36.174.579-H, ordenándose ao Servizo de Recursos Humanos o inicio do expediente administrativo que permita dar continuidade por un periodo máximo de tres meses ao nomeamento do único dos tres funcionarios/as interinos/as nomeados/as ao efecto pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 06/06/14, expte. 25308/220, como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (artigo 10.1.d). da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público), a maior brevidade posible. O referido funcionario interino, a través de escrito de 22 de setembro actual aceptou a posibilidade de ser novamente nomeado.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres*

11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

*“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 138-Auxiliar) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar/administrativo de administración xeral na derradeira convocatoria pública.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.*

*O Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, dispón no seu artigo 3.2 que durante o ano 2012 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos publicos esenciais.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*-En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*-Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*-Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*-Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*



3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

4.- *O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) *A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) *A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) *A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

*Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.e) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, na Instrucción en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro da Racionalización e*

sostibilidade da Administración Local, Ley 5/2014, do 27 de maio, e Lei de Orzamentos para o presente ano 2014.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo Xefe da Área de Benestar Social de data 11 de setembro de 2014, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, que obra no expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de dous meses ascende a un total de 5.373,81€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun funcionario interino por acumulación de tarefas, como Auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de tres meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 11 de setembro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 5.373,81€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas como auxiliar de administración xeral por un período máximo de tres meses, á D. RUBÉN CARRERA PÉREZ, DNI 36.174.579-H, aspirante que superou tódolos exercicios da oposición nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de Auxiliar/Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2008 e 2010, de conformidade coas bases xerais das mesmas.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurra o período de dous meses, dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral do funcionario nomeado polo período de tres meses desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, sin por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do

previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**21(1076).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES TRABALLADORES/AS SOCIAIS, POR UN MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 25667/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/09/14, do técnico de Organización de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado o 30/09/14, que di o seguinte:

*“Antecedentes:*

*Con data 19 de setembro de 2014, ordeouse polo Concelleiro-delegado o inicio do expediente para o nomeamento interino por acumulación de tarefas, de entre outros, tres Diplomados/as en Traballo Social para o Servizo de Benestar Social, pola escasez de RR.HH existentes no Servizo para dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo, tanto nos servizos comunitarios básicos como no programa de axudas extraordinarias ás familias, pola coxuntura socioeconómica, e a acumulación producida na tramitación das demandas presentadas polos/as cidadáns, segundo escrito remitido polo Xefe da Área de Benestar Social de data 11 de setembro anterior, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Políticas de Benestar.*

*O Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 19 de setembro actual, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urgente nomeamento interino de tres Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude do seu Xefe de Área e conforme da Concelleira-delegada da Área de Políticas de Benestar, de data 11 de setembro anterior.*

*Na derradeira Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, pasaron a formar parte dunha lista de substitucións, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pero que posteriormente foron nomeadas interinamente con cargo a praza vacante, interinas por acumulación de tarefas (art. 10.1 d), contratadas laboralmente por obra ou servizo determinado, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada.*

*Sendo necesaria dispoñer dunha lista que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, como Diplomados/as en Traballo Social, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 2 de maio de 2011, adoptou acordo polo que se aprobaron as bases rectoras do proceso selectivo que permita os referidos nomeamentos, que foron publicadas no BOP de data 31/05/2011.*

Unha vez executado o referido proceso selectivo, o Órgano de selección na súa sesión de data 29/07/2011, elevou proposta ao Órgano competente contendo a lista de substitucións pola orde de puntuacións que se transcribe a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	1º Exerc.	2º Exerc.	3º Exerc	Galego	TOTAL
49	GUERRERO MELEIRO, M <sup>a</sup> LOURDES	44.477.462-Q	7,13	8,13	2,8243	2,00	20,0843
96	SAHUQUILLO FRANCO, CARLOS	36.131.304-Y	6,88	7,63	2,3025	2,00	18,8125
64	MOLANES PIÑEIRO, MARÍA ELENA	36.163.694-N	8,20	6,19	1,3075	2,00	17,6975
74	PAZOS RODRÍGUEZ, NATALIA	76.828.842-X	6,98	6,00	2,5843	2,00	17,5643
110	VALLEJO FERNÁNDEZ, MARTA	77.006.690-E	7,39	5,50	1,8300	2,00	16,7200
55	LÓPEZ MARTÍNEZ, MARINA	77.411.776-D	7,19	5,19	1,5300	2,00	15,9100
29	FERNÁNDEZ CAMBRA, PATRICIA	77.005.279-Z	5,18	5,25	2,8425	2,00	15,2725
80	PETEIRO MATA, ALEXIA M <sup>a</sup>	53.304.314-C	5,19	5,00	2,6100	2,00	14,8000
103	SOUTO TABOADA, M <sup>a</sup> JULIA	44.082.107-P	5,13	6,13	1,4300	2,00	14,6900
41	GARCÍA VILA, TANIA	35.472.937-Z	5,00	5,13	1,4655	2,00	13,5955
66	MOREIRA SOUTO, CARMEN	36.110.318-L	5,06	5,00	1,3800	2,00	13,4400

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 17 de agosto de 2011, acordou o nomeamento interino (artigo 10.1.a) do EBEP), con cargo á praza vacante de Diplomado/a en Traballo Social a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Lourdes Guerrero Meleiro, DNI 44.477.462-Q, aspirante que superou tódolos exercicios e acadou a máxima puntuación no proceso de selección de persoal para Diplomados/as en Traballo Social, autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2011, BOP de 31 de maio seguinte (expte. 22256/220). A referida empregada pública renunciou voluntariamente a referida praza con data 19 de marzo de 2014. A Xunta de Goberno, na súa sesión de 16/07/2014 (expte. 25427/220) nomeou a aspirante que figuraba na primeira posición da lista D<sup>a</sup>. Marina López Martínez, DNI 77.411.776-D con cargo a referida vacante incluída na oferta de emprego público correspondente ao ano 2010 pendente de executar, tomando posesión o 17/07/2014.

Faise constar asimesmo que o aspirante que figura no núm. 2 da lista, D. Carlos Sauquillo Franco, renunciou voluntariamente con data 31 de marzo de 2012 a posibilidade de ser novamente nomeado por ter a condición de funcionario de carreira no Concello de O Porriño. Así mesmo, as aspirantes núms-. 4-Pazos Rodríguez, Natalia e 7-Peteiro Mata, Alexia M<sup>a</sup>, presentaron a súa renuncia no pasado mes de abril con ocasión da tramitación do expediente 25126/220.

Por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 04/07/2014 e 16/07/2014, exptes. 25309/220 e 25427/220, respectivamente, foron nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas, art. 10.1.d) do EBEP, D<sup>a</sup>. Patricia Fernández Cambra, DNI 77.005.279-Z e D<sup>a</sup>. Natalia Pazos

Rodríguez, DNI 76.828.842-X, tomando posesión en datas 07 e 17 de xullo de 2014, respectivamente..

En consecuencia e, sendo necesario o nomeamento de tres novos/as diplomados/as en traballo social e, de conformidade co establecido no artigo 3 das “normas reguladoras” que regulan o funcionamento das listas de substitucións, foron requeridas as seguintes aspirantes da lista de substitucións referida, que se corresponden coas aspirantes nºs, 9- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Julia Souto Taboada, DNI 44.082.107-P, 10-D<sup>a</sup>. Tania García Vila, DNI 35.472.937-Z e, 11-D<sup>a</sup>. Carmen Moreira Souto, DNI 36.110.318-L, as cales aceptaron expresamente, mediante escritos de 19 de agosto de 2014, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Nas bases deste proceso de selección, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2011, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas e publicadas con posterioridade.*

*Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en réxime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da correspondente oposición.*

*Asemade, e segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.*

*O Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, dispón no seu artigo 3.2 que durante o ano 2012 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos*

sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados

no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

-En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

-Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

-Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

-Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe



técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en éste artículo, ejerciendo en todo caso, entre otras competencias en materia de evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a persoas en situación o riesgo de exclusión social, art. 25.2.e).

O artigo 26 da Lei 7/0985, establece tamén no seu artigo 26.1.c) que os Municipios con poboación superior a 20,000 habitantes deberán prestar servizos en materia de evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a persoas en situación o riesgo de exclusión social.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.e) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo Xefe da Área de Benestar Social de data 11 de setembro de 2014, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, que obra no expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 54.902,34€, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral

*se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

*“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social e auxiliar de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 11 de setembro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 54.902,34€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.*

*Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como Diplomadas en Traballo Social, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JULIA SOUTO TABOADA, DNI 44.082.107-P, 10-D<sup>a</sup>. TANIA GARCÍA VILA, DNI 35.472.937-Z e, 10-D<sup>a</sup>. CARMEN MOREIRA SOUTO, DNI 36.110.318-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e no disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).*

*Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81, Diplomado/a en Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).*

*Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.*

*Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

#### **22(1077).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO 2014. EXPTE. 25658/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 24/09/14, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e

polo concelleiro-delegado de área; así mesmo fiscalizado en data 30/09/14, que di o seguinte:

*"Recíbese no servizo de Recursos Humanos, asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, co conforme do Xefe do servizo e o visto e prace do Concelleiro-Delegado da Área, relación de persoal do servizo de Vías e obras, adscrito as brigadas de pavimentación que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por toxicidade correspondente ao mes de Agosto de 2014. Dita relación inclúe nome, nº de persoal e data nas que os empregados municipais relacionados realizaron as súas funcións en circunstancias especialmente penosas ao estar expostos a estrés térmico e contaminantes químicos.*

*A instrucción terceira, apartado e) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquer outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16/05/2014, rectificando na sesión de 6/06/2014 acordou a autorización de aboamento de produtividade por toxicidade ao persoal das brigadas de pavimentación do servizo de vías e obras e parque móbil. (expte. 23537/220 3 25393/220), no que se recoñece a especial penosidade dos postos de traballo adscritos ao servizo de Vías e obras e Parque Móbil, con funcións de execución de firmes e pavimento e se autoriza o aboamento, en concepto de toxicidade.*

*O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraranse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte com periodicidade e non se autorice día a día.*

*Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**A C O R D O :**

*"Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Vías e Obras que figura na relación que se achega e que comencian por don Miguel Angel Alonso Cue e remata por don Rodrigo Rodríguez Rocha, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de AGOSTO-2014 e que ascenden a un total 362,70 €, con cargo ao RC nº 27327 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**23(1078).- PROXECTO DE “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS MESTRE CHANÉ E MONTECELO ALTO. EXPTE. 2568/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/09/14, dáse conta do informe-proposta do 24/09/14, asinado polo xefe e máis polo asesor xurídico da área e conformado polo concelleiro-delegado; que di o seguinte:

*“Antecedentes*

*I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 14 de agosto de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 5 de agosto de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 7 de agosto de 2014, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do Proxecto para a “Renovación da rede de saneamento nas Rúas Mestre Chané e Montecelo Alto (Expte. 2.568/440)*

*II.- En cumprimento de dito acordo en agosto de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA-FCC” - no sucesivo a Concesionaria-presentou proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas da consultoría de enxeñería “VILAR MONTORO INGENIERIA.”, D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento de 262.405,32 euros, IVE excluído.*

*III.- Posteriormente con data 18 de agosto de 2014, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 11.014,40 euros, IVE excluído.*

*Fundamentos Xurídicos*

*Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.*

*Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuizo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.*

*Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación canalizacións de saneamento existente nas Rúas Mestre Chané e Montecelo Alto. O prazo estimado para a execución das obras é de 4 meses.*

O artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 23 de setembro de 2014, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 23 de setembro de 2014 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 4 de setembro de 2014, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executa-las obras de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS MESTRE CHANÉ E MONTECELO ALTO por un importe total de 262.405,32 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 11.014,40 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	VILAR MONTORO ING.	4.410,17 €
Asistencia técnica á D.O.	VILAR MONTORO ING.	4.410,17 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM, S.L.	1.102,54 €
	SUMA	9.922,88 €
	11% Gastos de Xestión	1.091,52 €
	TOTAL (IVE excluído)	11.014,40 €

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

**24(1079).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA, S.A., POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO E XESTIÓN DO APARADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL. AGOSTO 2014. EXPTE. 419/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/09/14, dáse conta do informe-proposta do 24/09/14, da xefa do servizo de Transportes, conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado da mesma, que di o seguinte:

*“En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data 7 de febreiro de 2013, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Fomento e en concreto no servizo de transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .*

**ANTECEDENTES :** Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

*Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.*

*Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”. En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € ( ive engadido ) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que “INTERPARKING HISPANIA, S.A” asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

*En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil “INTERPARKING HISPANIA, S.A” a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os*

servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

Debido a que o expediente de adxudicación da xestión do parking esta na actualidade pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación , informe solicitado na data 7 de maio de 2013 para continuar a tramitación , INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

#### AGOSTO

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FX 1014000284	5.445,00 €	12/09/14	140108771
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FX 1014000290	22.576,97 €	12/09/14	140108769

Con data 16-09-14, doc. nº 140109940, Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de AGOSTO un total 39.525,45 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 28.021,97 € (funcionamento ordinario parking AGOSTO 2014: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking AGOSTO 2014 : 22.576,97 €).

Realízanse axustes por importe de -12.521,02 € que se explican no documento que se adxunta o expediente polo que a cantidade que adeuda o Concello e -1.017,54€ en vez dos 11.503,48 € que procedería ingresar .

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos ( 5.309,70 € ) ata (5.445 € ) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

A factura presentada foi conformada pola Xefatura da Área de Fomento e a Xefatura do servizo de transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

*Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)"*

*O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que " (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)"*

*Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2014 por un importe total de 28.021,97 € con cargo a partida 1330.2279907 ( prestación de servizos parking praza de Portugal ) .*

*Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,*

*Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citada entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe ( ive engadido ) :*

*AGOSTO 2014 : importe 28.021,97 € ( funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 22.576,97 € )."*

**Acordo:**

**A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.**



**25(1080).- DAR CONTA DE SANCIONES URBANÍSTICAS REMITIDAS Á TESOURERÍA PARA O DITADO DA CORRESPONDENTE PROVIDENCIA DE APREMIO. EXPTE. 7619/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22.09.14, da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da XMU, conformado pola xerente, que di o seguinte:

*Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Durante o exercicio 2013 impuxéronse sancións polo incumprimento do deber de presentar o informe da Inspección técnica de edificios que non foron ingresadas no período voluntario de pagamento, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:*

Exp.	Servicio	Apellido	Código	Nombre	Costas	Data Notif.	Cantidad	Fil	Volunt.		
				COSTAS TOYOS GILBERTO						400.0	20/11/13
6717	428	ALVARO	7096	TRUJILLO ENRIQUE FASCAR		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6738	428	COLETA	7100	ROSALIA DE CASTRO SAN ESTRELLA		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6924	428	SIO RODRIGUEZ	7102	RAMONA PINEIRO HERMIDA EDUARDA		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
1149	428	NCG BANCO SA	7103	DURAN RODRIGUEZ CLAUDINA		27/01/14	900.0	08/10/13	95/03/14	400.0	20/11/13
6909	428	DESTINA	7104	VITALIA SL PROMOCIONES INMOBILIARIAS ROSALIA 2002		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
7093	428	GOMEZ RODRIGUEZ	7111	SANTIAGO GESTIONES Y DESARROLLOS PATRIMONIALES S		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
7067	428	ROMERO COLLAZO	7112	CRISTINA ELENA GARCIA GUIA JORGE LUIS		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6596	428	MALLO FERNANDEZ	7116	FERNANDO NOVOA ALVAREZ MANUELA		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	800.0	20/11/13
6597	428	FERNANDEZ DA CRUZ	7117	DESIREE GARCIA RAMON		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	800.0	20/11/13
6598	428	MARTINEZ ROMAN	7120	MARIA DOLORES DA REGO ANDRUEZ CARMEN		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6602	428	ALLER	7120	RODRIGUEZ TORRE RODRIGO MARCO		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6612	428	FREIRE	7128	MARTINEZ COMESAÑA CAMPOS PAULINA		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6617	428	FERNANDEZ	7139	RODRIGUEZ VILAR ANGEL		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6619	428	BARRERO	7153	VILAR CONSTANTINO PEREZ GONZALEZ AMALIA		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6620	428	GONZALEZ PRADERA	7155	ENRIQUE FERNANDEZ VILAR ANGEL		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	800.0	20/11/13
6627	428	GARCIA QUINTELA	7156	LEANDRO ALVAREZ SOTO JULIA		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6630	428	MALLO PAZO	7170	CARLOS PENEDOS DOS CASTRO SL		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6639	428	MORAN Y CENDON	6626	HROS GARCIA QUINTELA FRANCISCO		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6650	428	CARRERA	6712	GONCALVES CLAUDIO ABALDE LAGO ANTONIO		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6655	428	CRUZ PEREZ	6713	ROGELIO GARCIA VAZQUEZ AVELINO		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	2000.0	20/11/13
6708	428	GANTANOME	6813	LA SCRUPULA JOSEFINA		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6733	428	IGLESIA DE LA	6836	BARCELONA BALBUENA MILAGROS		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6739	428	RESIDENCIAL	7004	LAZARINO STRAJUCIS SL		08/10/13	800.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6743	428	COSTAS	7058	ALVAREZ IGLESIAS GONZALEZ MANUEL RAFAEL		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	400.0	20/11/13
6748	428	SEQUEIRO	6935	RODRIGUEZ ANGELOUAGA NUBIA		08/10/13	2000.0	08/10/13	20/11/13	80.0	20/12/13
6759	428	RAMINOSA SL	6939	RESIDENCIAL PLAZA DE ESPAÑA VIGO SL		08/10/13	400.0	08/10/13	20/11/13	80.0	20/12/13
6784	428	GRANA MOSQUERA	7167	ANTONIO JARDON RODRIGUEZ JOSE LUIS		08/10/13	400.0	11/11/13	20/11/13	80.0	20/12/13
6787	428	TABOAS CARDAMA	6594	JOSE PINDECAR SL		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6791	428	RIVEIRO ABALDE	6605	MANUEL SEAFOOD PRODUCTOS SL		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6802	428	PROMOCIONES	6631	TRES RIOS SL REINALDO OTERO ANTONIO		08/10/13	800.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6810	428	COVERO GONZALEZ	6640	JUAN PARDO LOPEZ MARTIN		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6815	428	FEY JOBALICA SL	6716	FERNANDEZ PEREZ ARMANDO		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6819	428	ROMAN GOMEZ	6834	DOLores ALVAREZ MARTINEZ RAFAEL		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6825	428	COSTAS PEREIRA	6841	JOSE RODRIGUEZ VAZQUEZ M CRISTINA		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	800.0	20/05/14
6848	428	DOURADO	6976	ANDRÉS JOSE GARRIDO FERNANDEZ EMILIO		08/10/13	400.0	11/11/13	20/11/13	400.0	20/12/13
6850	428	LEBORER	6980	ILLUSTRE LOPEZ OTERO GUMERSINDA		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6854	428	GALLEGO	7026	ESTRELLA FERNANDEZ ABALDE ROSA		08/10/13	400.0	14/04/14	20/11/13	400.0	20/05/14
6859	428	LAGO CAMPOS	7029	MARINA AMOEDO GIMENEZ JUAN JOSE		08/10/13	400.0	18/11/13	20/11/13	400.0	05/01/14
6865	428	GOMES BEREIRA	7085	CARLOS FERNANDEZ DURAN MANUELA PALOMA		08/10/13	400.0	13/11/13	20/11/13	400.0	20/12/14
6866	428	LOIS VILABOIA	7123	JOSEFA ELVIRA CASAS MOLARES ANA MARIA		08/10/13	400.0	14/02/14	20/11/13	1000.0	20/03/14
6870	428	ALVAREZ TABOADA		ELVIRA		08/10/13	400.0		20/11/13		
6885	428	ALFONSO RODRIGUEZ		MANUEL		08/10/13	400.0		20/11/13		
6897	428	GONZALEZ LOPEZ		VICTORINA		08/10/13	400.0		20/11/13		
6900	428	FORMOSO LEAL		JOSE MANUEL		08/10/13	400.0		20/11/13		
6901	428	RESIDENCIAL		ALVARADO SL		08/10/13	400.0		20/11/13		
6923	428	VAZQUEZ RODRIGUEZ		MANUEL		08/10/13	400.0		20/11/13		
6953	428	ALVAREZ ALVAREZ		JOSE		08/10/13	400.0		20/11/13		
6954	428	J ALCANTARA		SA		08/10/13	400.0		20/11/13		
6956	428	CARBALLA IGLESIAS		DOLORES		08/10/13	400.0		20/11/13		
6986	428	COMESAÑA FIGUEROA		MIGUEL		08/10/13	400.0		20/11/13		
7012	428	ESTEVEZ GIL		JUAN CARLOS		08/10/13	400.0		20/11/13		
7043	428	LORENZO VIDAL		MANUEL VICEN		08/10/13	400.0		20/11/13		
7044	428	GARCIA GARCIA		PATRICIA		08/10/13	400.0		20/11/13		
7046	428	GARCIA GARCIA		PATRICIA		08/10/13	400.0		20/11/13		
7054	428	NOCEDA FERNANDEZ		JOSE MANUEL		08/10/13	400.0		20/11/13		
7059	428	IGLESIAS COVELO		CARMEN		08/10/13	400.0		20/11/13		
7070	428	PROTECCION Y SEGURIDAD		DE GALICIA SA		08/10/13	400.0		20/11/13		
7071	428	COSTAS PAZOS		JOSE MANUEL		08/10/13	400.0		20/11/13		

S.ord. 3.10.14

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe, quedando informada.

**26(1081).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.